



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Construción Aplicada 2		Código	630G03026
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e AeronáuticasDepartamento profesorado máster			
Coordinación	Redondo Porto, Alberto	Correo electrónico	a.redondo@udc.es	
Profesorado	Redondo Porto, Alberto	Correo electrónico	a.redondo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia de Construción Aplicada 2, xunto con Construción Aplicada 1, constitúe unha base de coñecemento para o alumnado en canto á ciencia dos materiais e os sistemas construtivos, centrados en escavacións, contención, bioconstrución, bioenxeñaría e construción de fábricas. Este coñecemento permite afrontar a integración destes elementos construtivos en particular dentro do proxecto da paisaxe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Coñecer adecuadamente as características físicas e químicas, os procedementos de produción, a patoloxía e o uso dos materiais de construción empregados.		A62	B1 B3	C1 C7
Coñecer adecuadamente os sistemas construtivos de fábrica e a súa patoloxía.		A61 A62 A70	B1 B5	C1 C2
É capaz de concibir, deseñar, integrar na paisaxe e executar sistemas de fábrica.		A52 A61 A70	B2 B9	C1 C2
É capaz de concibir, deseñar, integrar na paisaxe e executar sistemas de pavimentación exterior.		A52 A61 A67 A70	B2 B9	C1 C2
É apto para aplicar as normas técnicas e construtivas aplicadas á paisaxe		A63	B2 B12	C2 C6
Coñecemento para valorar as obras da paisaxe.		A52 A65	B1 B3 B4 B6	C1 C2 C3 C5 C7 C8
Capacidade para valorar as obras, redactar os pregos de condicións, elección dos equipos e materiais en proxectos da paisaxe.		A54 A65 A70	B2 B12	C1 C2 C6 C8



Coñecemento do proxecto de seguridade e saúde en obra.	A54	B2	C1
	A63	B12	C2
	A66		C4
	A70		C6
			C8
Coñecemento das fases de construción e secuencias no deseño do proxecto paisaxístico.	A54	B2	C1
	A63	B4	C6
	A64	B9	C8
	A65	B11	
	A70	B12	

Contidos	
Temas	Subtemas
Construcións de fábrica	Piares (tipoloxías e materiais): formigón, prefabricados, metálicos, madeira. Linteis (tipoloxías e materiais): formigón, prefabricados, metálicos, madeira. Forxados unidireccionais e bidireccionais. Forxados metálicos. Forxados de madeira. Estruturas simples de formigón. Estruturas de formigón prefabricado.
Sistemas de muros de fábrica: pedra, cerámica e bloque	Muros de pedra, cachotería e cantería. Muros cerámicos. Muros de bloques de formigón. Muros prefabricados de formigón. Sistemas de drenaxe. Acabados.
Sistemas de pavimentos exteriores	Características xerais dos pavimentos ríxidos e pavimentos flexibles, pavimentos peonís e pavimentos para vehículos. O trazado dos camiños, influencia da topografía, pendentes. Tratamento da auga: sistemas de evacuación e drenaxe. Bases e subbases, sistemas de compactación, control da compactación. Pavimentos de formigón, soleiras, xuntas e acabados. Pavimentos formados por pezas: baldosas, lousas. Pavimentos de lastra: pedra, formigón, pavimentos de ladrillo. Pavimentos verdes. Pavimentos de terra: a saburra, pavimentos estabilizados. Pavimentos bituminosos. Os bordes: cunetas, canles, bordos, rigolas, elementos singulares. Pavimentos de madeira, entaboados, pasarelas. Escaleiras e ramplas: deseño e normativa. Escaleiras e ramplas: construción. Integración dos sistemas construtivos no proxecto das superficies pavimentadas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A54 A61 A62 A63 A64 A65 A66 A67 B1 B6 B9 B11 B12 C7	30	42	72
Solución de problemas	A61 A63 B2	10	15	25



Estudo de casos	A52 A61 A63 A64 A67 A70 B2 B9 B12 C5 C8	20	8	28
Traballos tutelados	A54 A61 A63 A64 A67 A70 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C2 C3 C4 C5 C6	0	20	20
Proba de resposta múltiple	A61 B3 B9	0	2	2
Proba obxectiva	A61 A62 A63 A64	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso medios audiovisuais e buscando a participación activa do alumnado coa introdución de preguntas sobre os contidos expostos.
Solución de problemas	Resolución de situacións problemáticas concretas relacionadas cos contidos da materia.
Estudo de casos	Descrición dunha situación específica onde se aborda un problema que ten ser comprendido, valorado e resolto, que se lle fará ao alumnado, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.
Traballos tutelados	Orientados a promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela do docente.
Proba de resposta múltiple	Para verificar o grao de adquisición de coñecementos en diversos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.
Proba obxectiva	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	As dúbidas relacionadas coas sesións expositivas e interactivas poden ser consultadas en titorías individuais presenciais ou por medios telemáticos (correo electrónico, Aula Virtual, MS Teams). O seguimento do traballo e as dúbidas que poidan surxir a este respecto tamén se poderá facer de maneira presencial a través de titorías ou ben por medios telemáticos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A54 A61 A63 A64 A67 A70 B2 B4 B5 B9 B12 C1 C2 C3 C4 C5 C6	Serán traballos que se propoñerán ao alumnado a realizar de xeito individual, ben sobre contidos específicos da materia, ou ben de xeito singular sobre o desenvolvemento dos pasos a seguir para o deseño dun dos elementos construtivos abordados no estudo da materia.	70
Proba obxectiva	A61 A62 A63 A64	Constitúe unha ferramenta de medida para avaliar os coñecementos, aptitudes e actitudes adquiridas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe da materia.	30

Observacións avaliación



OPORTUNIDADE EXTRAORDINARIA DE RECUPERACIÓN

O sistema de avaliación será o mesmo que para a oportunidade ordinaria.

ALUMNADO REPETIDOR

O sistema de avaliación será o mesmo que para a oportunidade ordinaria.

Implicacións do plaxio: "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria"

Fontes de información

Bibliografía básica	- Arredondo y Verdú, F. (1991). Yesos y cales. Ed. Servicio de Publicaciones. E.T.S. Ingenieros de Caminos, Madrid - Bustillo Revuelta, M., Durán López, A., Fueyo Casado, L. (2014). Manual de áridos. Fueyo Editores, Madrid - Fernández Pérez, M (2008). Construcción de obra de fábrica de ladrillo visto: confección de muros, pilares, arcos, dinteles. Ed. Ideaspropias, Vigo. - Heyman, J. (1995). Teoría, historia y restauración de estructuras de fábrica: Colección de ensayos. . Ed. Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, Madrid. - Sánchez Marín, J.M.; Lasheras Esteban, J.M. (1987). Conocimiento de materiales. . Ed. Donostiarra. San Sebastián. - José Antonio López Candeira (2002). Tratamiento del espacio exterior. ed. Munilla-Lería - (2003). Norma 6.1 IC Secciones de Firme, Instrucción de Carreteras. Orden FOM/3460/2003 - Deplazes, A. (ed.) (2010). Construir la Arquitectura. De la materia en bruto al edificio. ed. GG, Barcelona - Fernández Madrid Joaquín (1996). Manual del Granito para Arquitectos. Asociación Gallega de Graniteros - Astrid Zimmermann (Ed.) (2000). Construir el Paisaje. Materiales, técnicas y componentes estructurales. BIRKHÄUSER
Bibliografía complementaria	- Cores, H.; Sánchez, M.; Rodríguez, L.F.; Vaquero, J.J. (1997). Manual para el proyecto y construcción de estructuras con bloques de hormigón.. Ed. IECA, Madrid. - Heyman, J. (2001). La ciencia de las estructuras. . Instituto Juan de Herrera, Madrid. - Heyman, J. (2004). Análisis de estructuras: un estudio histórico.. Ed. Instituto Juan de Herrera, Escuela Técnica Superior de Arquitectura, Madrid. - Mas, A. (et al.). (1996). Fábrica de bloques de hormigón. . Ed. UPV, Valencia. - Villanueva Domínguez, L.; García Santos, A. (2001). Manual de yeso. . Ed. CIE Inversiones Editoriales ? DOSSAT 2000, Madrid. - Schmitt, H., Heene A (1998). Tratado de construcción. Gustavo Gili, Barcelona

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Construcción Aplicada 1/630G03022

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Seguimento das actividades programadas. Preparación de temas e consulta da bibliografía e do material dispoñible. Emprego de titorías para resolución de dúbidas. Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido nas normativas correspondentes.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías